

Vicente Araguas: as balizas da memoria
Anxo Tarrío Varela

En ocasións, a penas sen querer e movido por un impulso que non sei de onde me chega, empezo a escribir en quente sobre algo que cae nas miñas mans. Entón é cando me deixo levar por unha insolente necesidade interior de aportar algo ao que xa de seu está completo, sen que lle manque unha palabra de menos nin lle soborde unha palabra de máis. Isto foi o que me ocorreu antonte mesmo, ao abrir e ir lendo sen parar até o final un libro do meu amigo e antigo compañeiro de estudos Vicente Araguas.

Aínda estaba mollado pola xeada da noite entrando no meu buzón de correos, pero quente de prelos e de nostalxias, de amor-historia e de desamor-reciente, de finxidas alegrías que non dan agochado a tristeza de perder un no sei qué. Pregúntome ¿de quen se despedirá esta voz poética cando a oímos repasar a vida dende a antiga foto escolar ata que a porta se pecha irremediabilmente detrás de alguén?

Vicente Araguas, dende Majadahonda, mándame o último poemario seu, un libro quente de memoria antiga e de *revival* serodio, cos seus musicais, **Yesterday** e **Let's twist again**, incluídos. *O gato branco*, ese é o título do libro que amaneceu hoxe no meu correo, botando a súa luz, xa antes de abrir o buzón, pola regandixa da pestana gris desa caixa que todos os días se destapa ilusionada resistíndose á seguridade do cotián aborrecemento disfrazado de azar.

Práceme moito comprobar que o sentimento e a memoria volven ser as fontes a onde vai o poeta na procura da palabra, despois de ser tan denostados polas vangardas e tan vanalizados polo postmodernismo. Nada me comprace máis que ver cómo se perfila sutilmente outra vez na poesía a historia dun proxecto humano inacabado, que niso consiste a vida, todas as vidas de todos os homes e mulleres que foron e que serán ¿Que hai máis importante nunha vida humana que a súa propia traxectoria, que o seu propio camiño trazado e balizado de lembranzas que acaso non son máis que soños e manchas multicolores nunha praia deserta? E sobre todo ¿que hai máis humano que o adeus, ese esgazamento do espírito tan necesario moitas veces para que a vida continúe?

Vicente Araguas, sempre vital, tentando de agochar a súa transparente melancolía, volve a vista cara a esas balizas luminosas da memoria e ofrécenos a súa voz entrecortada e contida, nun exercicio de pudor poético e delicadísimo cromatismo minimalista no que o silencio, unha bicicleta verde, un bikini violeta, un barco de cristal ou un gato branco abundan para nos

evocar un pasado que puido ser de todos nós e que se fai presente na voz poética cando alguén non nos deixa ser a sombra da súa sombra, a sombra da súa man, nin tan sequera a sombra do seu can, como suplicaba o chorado belga Jacques Brel hai xa demasiados anos. ¿Recordan?: *Laisse moi devenir / L'ombre de ton ombre / L'ombre de ta main / L'ombre de ton chien / Ne me quitte pas*. ¿Lembran?

O gato branco aparece en preciosa impresión da editorial Espiral Maior, esa empresa de sonhos e ruínas que non dubida en apostar pola poesía, é dicir, pola derrota. Verso curto, gran contención e moito silencio entre o que haberá que supoñer algunha bágoa a esvarar polo sorriso da choiva na sombra dunha cara. Iso foi para min esta primeira lectura rapidísima do libro aínda quente de Vicente Araguas. Haberá que volver a lelo cando enfríe un pouco.

El Correo Gallego, 27 novembro 1995